



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 8 DE FEBREIRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 8 de febreiro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 6 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidentes:** D. David Regades Fernández

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 2a, 3a, 5b, 6b e 7a)  
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 2a e 3a)  
D. Fernando Carballo Villar (asiste aos puntos 5d, 6d, 7b e 8b)  
D<sup>a</sup>. María Jesús Magdalena Vila (asiste aos puntos 5c, 6c e 8a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

#### **1.- Aprobación de actas**

##### **a) Acta da sesión do 1 de febreiro de 2017**

Apróbase, con correccións, a acta da sesión do 1 de febreiro de 2017 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Calvo, D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

#### **2.- Apertura administrativa**

##### **a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "ximnasia para persoas maiores" (15.315-333) (emenda de documentación)**

A secretaria lembra as membros da Mesa que, tendo en conta o acordado na sesión do 1 de febreiro de 2017, o mesmo día outorgouse un prazo de tres días hábiles a SERVIPLUSTOTAL, S.L. para que puidese emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación (*"Concretamente, deberá completar o punto 9b da declaración responsable, en relación coa solvencia técnica, indicando contrato/s de prestacións análogas ás do obxecto do contrato co detalle da institución, contía, ano e breve descrición do servizo executado"*).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:00	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A94A-C3D626-5B59B6-FCE9E7-4JZQLK-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A citada empresa presenta a documentación requirida o 3 de febreiro de 2017. Unha vez cualificada a citada documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir a SERVIPLUSTOTAL, S.L. no procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (15.315-333) por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

### 3.- Apertura técnica

#### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (15.315-333)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das proposicións presentadas e admitidas.

Asiste á apertura D. Diego López González, con DNI 53.178.424-D, en representación de MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

### 4.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

#### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición de diversos aparellos para o servizo de bombeiros (grupo de aspiración, equipo de excarceración, xerador de corrente e compresor de aire) (4335-213)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno local do 30 de decembro de 2016, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co licitador SIELVIGO, S.L.

Con data do 16 de xaneiro de 2017, dentro do prazo concedido, presentou a documentación SIELVIGO, S.L., da que se deu traslado ao responsable do contrato.

Entrégase o informe asinado o 3 de febreiro de 2017 polo oficial xefe do Servizo de Bombeiros en relación coa oferta anormal ou desproporcionada presentada por SIELVIGO S.L. no que indica que *“a pesar de observar que efectivamente a oferta económica incorre en valores anormais e desproporcionados, non se entende sobre o aspecto técnico ningunha diminución sobre as prestacións esixidas por este Servizo de Bombeiros, axustándose minuciosamente ao Prego técnico de condicións. O ser fabricantes de unidades como as que aquí se presentan e atoparse na Comunidade Autónoma de Galicia, é asumible que a loxística e gastos que se xeran por traslados a distancias importantes, reduzan os custos e pódase realizar e asumir unha oferta económica como a que aquí se presenta”*.

### 5.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

#### a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:00	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A94A-C3D626-5B59B6-FCE9E7-4JZQLK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

**xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 1 e 2 de febreiro de 2017, respectivamente, de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”* presentada pola UTE GESTIÓN ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES.

**b) Procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440) (informe sobre B e proposta negociación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 2 de febreiro de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula”* e proposta de negociación.

**c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500) (informe sobre C)**

Entrégase o informe asinado o 2 de febreiro de 2017 pola directora de Ingresos de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”*.

**d) Procedemento aberto do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612) (informe sobre C)**

Entrégase o informe asinado polo director de Réxime Interior de Vigozoo o 31 de xaneiro de 2017 sobre valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”*.

**6.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332)**

A Mesa de Contratación acepta o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 1 e 2 de febreiro de 2017, respectivamente, de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”* presentada pola UTE GESTIÓN ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES e acorda, por unanimidade, excluír do procedemento á citada empresa por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 8.A.1 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (*“Na valoración deste apartado, de conformidade co disposto no artigo 150.4 do TRLCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 15*), de conformidade co previsto no artigo 150.4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:00	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A94A-C3D626-5B59B6-FCE9E7-4JZQLK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

público.

Faise constar que aínda que o citado informe ten por obxecto valorar a proposición avaliable mediante xuízo de valor da UTE GESTIÓN ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES, recolle un cadro resumo coas puntuacións obtidas por todos os licitadores admitidos neste procedemento, de acordo co informe emitido o 7 de xullo de 2016.

**b) Procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440)**

Acéptase, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 2 de febreiro de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula”* e acórdase, por unanimidade, iniciar a negociación cos licitadores presentados e admitidos neste procedemento nos termos previstos no referido informe.

**c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500)**

Acéptase, por unanimidade, o informe asinado o 2 de febreiro de 2017 pola directora de Ingresos de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”*.

**d) Procedemento aberto do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612)**

Acéptase, por unanimidade, o informe asinado polo director de Réxime Interior de Vigozoo o 31 de xaneiro de 2017 sobre valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”*.

**7.- Outros informes**

**a) Procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333)**

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos o 6 de febreiro de 2017 en relación coa acreditación da solvencia técnica do licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., solicitado pola Mesa na sesión do 1 de febreiro.

A secretaria entrega aos membros da Mesa o escrito presentado o 6 de febreiro de 2017 por D<sup>a</sup>. Beatriz Suárez Pariente, en representación de CLECE, S.A., en relación coa súa solvencia técnica.

Tendo en conta o anterior, a Mesa de Contratación, ante a imposibilidade de constatar a acreditación da solvencia técnica esixida neste procedemento coa documentación presentada por CLECE, S.A. o 23 de xaneiro de 2017, acorda, por unanimidade, concederlle un prazo de tres días hábiles co obxecto de que emende a documentación presentada na citada data, concretamente, a documentación relativa á solvencia técnica, tendo en conta que:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:00	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A94A-C3D626-5B59B6-FCE9E7-4JZQLK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- Segundo o previsto na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) a solvencia técnica acreditarase neste procedemento mediante *“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan ao obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior á unha anualidade media do prezo do contrato”*.
- En cumprimento do artigo 78.2a) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público e da citada cláusula 8.4.3º do PCAP *“os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario”*.
- Como xa se indicou na notificación do acordo de clasificación, enviada o 10 de xaneiro de 2017 (registro de saída nº 381), *“para os efectos de acreditar a solvencia técnica ou profesional, só se terán en conta servizos ou traballos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato (cláusula 8 do PCAP), polo que deberá constar detalladamente a parte dos contratos que se refire a servizos iguais ou similares aos do obxecto do contrato”*. Segundo o previsto no apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP o obxecto do contrato consiste na *“prestación dos seguintes servizos:*
  - *Técnico-deportivos e docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas e actividades deportivas nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e O Berbés.*
  - *Servizos de mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos citados ximnasiaos.*
  - *Complementarios necesarios para o funcionamento das instalacións das citadas piscinas: de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións; mantemento das instalacións técnicas de produción de calor; atención e control dos usuarios e servizos de socorrismo”*.
- Non se terán en conta outros contratos distintos aos recollidos na documentación presentada o 23 de xaneiro de 2017.

### **b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7173-612)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que na sesión que tivo lugar o 18 de xaneiro de 2017 se acordou, con carácter previo á proposta de clasificación e á vista do escrito presentado pola UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. Vigozoo o 30 de decembro de 2016, no que manifesta que a empresa GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L. presentou a súa oferta *“careciendo de la preceptiva autorización administrativa expedida por el Ministerio*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:00	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A94A-C3D626-5B59B6-FCE9E7-4JZQLK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

del Interior" "para el transporte y distribución de efectivo" solicitar que polo servizo xestor se informase sobre se é necesaria para este contrato a autorización á que se refire a citada UTE.

Entrégase o informe asinado polo director de Réxime Interior de Vigozoo o 31 de xaneiro de 2017 no que conclúe na "necesidade de estar en posesión de autorización por parte do Ministerio do Interior para a realización do transporte e distribución de efectivo. De acordo con isto, as empresas haberán de acreditar a existencia da autorización correspondente de acordo aos pregos e lexislación aplicable no procedemento de licitación de referencia".

## 8.- Propostas de clasificación

### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

- **Lote A**

Licitador	Puntuación total	Preferencia lote
LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.	95,18	Lote B
SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.	90,978	Lote A
EIBISA NORTE, S.L.	76,811	Lote B

- **Lote B**

Licitador	Puntuación total	Preferencia lote
LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.	95,18	Lote B
SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.	90,978	Lote A
EIBISA NORTE, S.L.	76,811	Lote B

Segundo.- En cumprimento do apartado 17E das follas de especificacións técnicas do prego de cláusulas administrativas particulares ("O licitador que obtivera a máxima puntuación será adxudicatario do Lote da súa preferencia, resultando adxudicatario do Lote restante, o licitador que obtivera a segunda mellor puntuación") e atendendo á preferencia dos lotes indicada polos licitadores nas súas proposicións, procede requirir ao licitador clasificado no primeiro lugar no lote B, LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L., e ao licitador clasificado no segundo lugar no lote A, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):





## CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.

Terceiro.- Requirit aos citados licitadores o aboamento de 1.791,01 euros (895,51 cada un) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **b) Procedemento aberto do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (7172-612)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
DECORACIÓN Y PAISAJE, S.A. (DYPSA)	100

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado no primeiro lugar, DECORACIÓN Y PAISAJE, S.A. (DYPSA), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese, que de conformidade coa citada cláusula 8, a solvencia técnica acreditarase mediante *“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:00	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A94A-C3D626-5B59B6-FCE9E7-4JZQLK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato".*  
 En base a isto, só se terán en conta contratos cun obxecto igual ou similar ao deste contrato, consistente na "prestación do servizo de mantemento integral das instalacións de exotarium e bolboretario nas instalacións do Vigozoo" (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP), coas funcións detalladas no prego de prescricións técnicas particulares.

4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación  
 (sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
 (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:00	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A94A-C3D626-5B59B6-FCE9E7-4JZQLK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		